



Arzúa, a 15 de decembro de 2011.- ADEGA participará esta fin de semana na **Feira Ecolóxica de Arzúa, Terractiva**

, coa exposición do seu stand na sección de postos de asociacións e na coordinación de varias das mesas redondas da **sección “Altofalante”**

, na que se lle dá voz a aqueles colectivos ou movementos que se están a mobilizar por unha causa ambiental ou socialmente xusta. Así mesmo, organiza o habitual

roteiro pola bacía alta do río Ulla

que trasladará aos visitantes aos valores naturais e patrimoniais máis destacados da comarca.

Ademais, coincidindo con Terractiva, ADEGA celebrará en Arzúa a súa

XXXVI Asemblea Xeral e entregará os premios osíxeno e dioxina

na xornada do sábado.

Na sección do “Altofalante” ADEGA propón varias temáticas a debate relacionadas coa ordenación territorial en Galiza, coa nova Lei de Montes, con novas figuras de protección e custodia do territorio e co renacer medioambientalista da Costa da Morte.



A primeira das palestras terá lugar o sábado, ás 18 horas, baixo o título **“Panorama actual da ordenación urbanística na Galiza”**

. Nela participará o

Fiscal de Medio Ambiente de Galiza

, Álvaro García Ortíz; o profesor de dereito administrativo na USC,

Fernando de Abel Vilela

; o secretario xeral de ADEGA, F

roilán Pallín

e o membro do Observatorio Galego do Territorio,

Xoán Pinto Tasende.

Os ponentes tratarán sobre a inseguridade xurídica que supoñen as sucesivas modificacións das normativas de ordenación territorial e urbanísticas, e sobre o incerto panorama que debuxan no país algunhas actuacións administrativas que tratan de legalizar certas actuacións urbanísticas.



A segunda palestra coordinada por ADEGA terá lugar o domingo, 18 de decembro ás 12 horas. O tema será a **nova lei galega de montes** e as súas consecuencias. Formarán parte da mesa de discusión representantes de

ADEGA, a CIG, a FRUGA e a Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común.

Todas estas entidades exporán a súa valoración do novo texto normativo e as súas consideracións en canto as posibles repercusións que terá para o futuro do medio rural.



Ese mesmo día pola tarde, ás 17 horas, dará comezo a mesa-coloquio sobre unha nova forma de conservar o territorio que se está a estender polo Estado español, e nomeadamente, por Galiza. Trátase da **custodia do territorio**, da que están facendo uso máis de vinte entidades galegas para xestionar un total de 4.000 hectáreas. Na mesa participarán entidades como

Ridimoas

, a de maior experiencia en custodia, a

Asociación Fragas do Mandeo

, a

Asociación Galega de Custodia

, un representante da que fora
Fundación Comarcal Ulla-Deza
e un voceiro de
ADEGA
para dar conta dos proxecto de custodia que está a desenvolver na zona.



E a última mesa-coloquio, que terá lugar ás 18.30 horas do domingo, estará formada por representantes de varios **colectivos da Costa da Morte** que están a pular por outro modelo de desenvolvemento que teña en conta os valores ambientais, patrimoniais e culturais da zona, fronte a modelos produtivistas e especulativos como as piscifactorías de rodaballo, as explotacións hidroeléctricas no Xallas, ou os parques eólicos e canteiras no Monte Pindo. As entidades que darán voz a este novo modelo de desenvolvemento para a Costa da Morte serán a **Plataforma en Defensa do río Xallas**, a **Asociación Monte Pindo** e a **Coop Parque Natural erativa de Agricultura ecolóxica Raiña Lupa** de Quilmas.

ROTEIRO POLO ALTO ULLA

Será de dúas horas e comezará no Recinto Feiral “Terra do Queixo” ás 10.30 horas do domingo día 18. Será pola **contorna do encoro de Portodemouros**. Partindo da Fervenza das Hortas visitaranse varios muíños restaurados ata o “Enredo do Abelleiro”, un museo do mel. Tras comprobar o impacto dun dos encoros máis grandes de Galiza, o de Portodemouros, o roteiro rematará na aldea de Viñós. Guiará o roteiro

Marcial Barral, veciño da comarca e membro de ADEGA.